

Crónica parlamentaria do segundo período de sesións de 2014. Unha aproximación pedagóxica á actualidade parlamentaria

Crónica parlamentaria del segundo período de sesiones de 2014.

Una aproximación pedagógica a la actualidade parlamentaria

Parliamentary chronicle of the second period of sessions of 2014. A pedagogic approach to the parliamentary present



PATRICIA MURIAS GIL

Universidade de Santiago de Compostela (Galicia, España)
patriciamuriasgil@gmail.com

XOSÉ ANTÓN SARMIENTO MÉNDEZ

Secretario Xeral da CALRE
Universidade de Santiago de Compostela (Galicia, España)
secretaria.oficialia@parlamentodegalicia.es

Recibido: 20/02/2015 | Aceptado: 22/04/2015

Índice: I. Introducción. II. Composición da Cámara, baixas e altas de deputados. III. Reunións dos órganos da Cámara. Calendario de actividades. IV. Debate de política xeral. V. Procedementos de natureza normativa. VI. Procedementos de control, impulso e información. VII. Declaracións institucionais. VIII. Procedementos de control económico e orzamentario. IX. Procedementos relativos a outras institucións e órganos. X. Procedementos de designación e propostas de nomeamento. XI. Solicitude de creación de comisións de investigación. XII. Acordos interpretativos do Regulamento do Parlamento. XIII. Informes e comparecencias en cumprimento doutras normas. XIV. Solicitudes de información ao abeiro do artigo 9 do Regulamento

I Introducción

Unha aproximación divulgativa á actividade da cámara pode apoiarse nun comentario explicativo das distintas categorías de procedementos tramitados no Parlamento de Galicia. Para iso pode acudirse á consulta dos recentes manuais que sobre a materia temos publicado¹ mais o xénero da crónica parlamentaria posibilita tamén a clarificación dos distintos tipos de iniciativas que deputados, grupos parlamentarios e suxeitos gobernamentais traen á cámara.

1 Manual de Actuación del Parlamentario. Editorial El Derecho. Grupo Francis Lefebvre. Madrid, 2011.

Regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

Igual que no anterior período de sesións, a actividade parlamentaria deste período de sesións viuse complementada coa importancia que supuxo asumir a presidencia da CALRE por parte da Presidencia do Parlamento de Galicia².

No Plenario da CALRE que tivo lugar en Santiago de Compostela os días 6, 7 e 8 de novembro, a presidenta expuxo un resumo das actividades realizadas durante a súa presidencia asumida en xaneiro de 2014, e salientou os fitos fundamentais acadados durante a súa presidencia, que podemos resumir do seguinte xeito:

- Reforzamento notable da colaboración coas institucións europeas, aumentado de modo significativo a súa visibilidade dentro da realidade rexional europea. Singular manifestación deste logro foi a inmediata colaboración co Comité das Rexións, con frutíferas reunións co presidente da Comisión Europea e os restantes presidentes das asociacións rexionais a nivel comunitario.
- Reforzamento do principio de subsidiariedade, celebrando diversas reunións de traballo para a promoción da participación dos parlamentos rexionais no proceso ascendente de formación do dereito da Unión Europea. Nesta orde de cousas, tanto o traballo en rede levado a cabo, como o meritorio esforzo do grupo de traballo liderado polo presidente Rafael Cattaneo, serviron para manter en primeira liña de atención o exercicio das competencias lexislativas dos nosos parlamentos.
- As tarefas da CALRE en 2014 discorron tamén moi próximas a outro importante organismo da democracia rexional europea: o Congreso de Autoridades Locais e Rexionais do Consello de Europa, compartindo interesantísimas sesións de traballo con eles, das que nacen posibles grupos de traballo conxuntos en materias nas que a colaboración co Consello de Europa van resultar de grande utilidade para todas as nosas rexións.
- A interacción con outros suxeitos máis alá do ámbito estritamente comunitario, mantendo reunións conxuntas con representantes de Nacións Unidas para fortalecer ámbitos tan propios da cultura parlamentaria como o fortalecemento dos dereitos fundamentais; coa NCSL norteamericana, á que por primeira vez asistiu unha delegación da CALRE participando de xeito activo nas súas sesións políticas públicas educativas e de enerxía; e tamén a través do novo Fórum Mundial de Conselleiros promovido polo Foro Comunitario Global de autoridades locais de Taiwán no que participaron tamén o nosos amigos xaponeses e norteamericanos.
- Reforzamento da credibilidade da CALRE non só cara fóra, como quedou constatado pola continua actividade, senón tamén por unha maior participación dos parlamentos membros nas actividades e grupos de traballo creados, converténdose esta asociación nun instrumento útil e necesario da súa acción exterior, servindo en definitiva para asentar os logros de mellora da calidade de vida dos nosos cidadáns e de consolidación do proceso de construción da identidade europea.

2 Codes Catalrava define a diplomacia parlamentaria do seguinte xeito: "A diplomacia parlamentaria configúrase desta maneira como un excelente complemento á diplomacia clásica exercida polo Poder Executivo. Está caracterizada pola súa flexibilidade, o seu menor rigor formal, o seu carácter representativo (xa que nas delegacións parlamentarias se inclúen parlamentarios de todas ou case todas as forzas políticas con representación parlamentaria) e, como veremos, a súa permanencia a través de determinadas asembleas parlamentarias internacionais". Diccionario de Términos de Derecho Parlamentario. Coordinadoras Rosa Ripollés Serrano e Raquel Maraño Gómez. Editorial La ley. Madrid, outubro 2014.

A presidenta do Parlamento traspasou o pasado día 13 de xaneiro de 2015 ao titular do Consello Rexional de Lombardía (Italia) Raffaele Cattaneo, a Presidencia da Conferencia de Asembleas Lexislativas Rexionais Europeas (CALRE) co reto de continuar traballando para reforzar a influencia dos 74 parlamentos rexionais integrados nesta organización.

Pilar Rojo sinalou que a propia Comisión Europea recoñeceu no inicio do mandato de 2014 que “a xerarquización de prioridades políticas como base dunha Unión mellor e con obxectivos máis claros só pode funcionar se procede dunha asociación entre as institucións europeas e os estados membros”.

No traspaso formal da Presidencia da CALRE, celebrado na sede do Consello Rexional de Lombardía, en Milán, púxose de manifesto que a organización que aglutina os parlamentos rexionais europeos constitúe, a xuízo de Rojo Noguera, “un elemento clave para dotar a Europa de lexitimidade democrática³, xa que representa o nivel de goberno máis próximo aos cidadáns”.

II Composición da Cámara, baixas e altas de deputados

Comezou este período de sesións con dous novos deputados, pois D^a M^a Dolores Faraldo Botana e D. Agustín Hernández Fernández de Rojas foron substituídos por D. Ramón Santos Pérez e D. Jacobo Moreira Ferro respectivamente. Ambos os dous pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular; a primeira pertencente á circunscrición electoral da Coruña e o segundo a Pontevedra.

III Reunións dos órganos da Cámara. Calendario de actividades

A ordenación do traballo parlamentario e o calendario de actividades para este período aprobouse na Mesa-Xunta de Portavoces, o 2 de setembro de 2014.

O resumo estatístico deste período é o seguinte:

ÓRGANO	Núm. reunións
MESA	26
XUNTA DE PORTAVOCES	12
PRESIDENTES/AS DE COMISIÓN	4
PLENO	11
DEPUTACIÓN PERMANENTE	2

3 Torres Muro lembra o carácter da democracia e a súa vinculación á realidade parlamentaria do seguinte xeito: “Esta atópase indisolublemente unida, nas sociedades algo complexas, á existencia dunhas Cámaras representativas. Non poden pretender as mesmas, desde logo, un monopolio da representación. É claro que poden resultar moi útiles, para cubrir as súas deficiencias, outros mecanismos que cheguen onde o Parlamento non pode chegar, pero cando se elimina o mesmo estamos falando de algo que, con toda seguridade, non é unha democracia”. Dicionario de Términos de Derecho Parlamentario. Coordinadoras Rosa Ripollés Serrano e Raquel Marañón Gómez. Editorial La ley. Madrid, outubro 2014.



ÓRGANO		Núm. reunións
COMISIONS	Comisión 1ª. Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior	9
	Comisión 2ª. Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos	9
	Comisión 3ª. Economía, Facenda e Orzamentos	30
	Comisión 4ª. Educación e Cultura	10
	Comisión 5ª. Sanidade, Política Social e Emprego	13
	Comisión 6ª. Industria, Enerxía, Comercio e Turismo	9
	Comisión 7ª. Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes	9
	Comisión 8ª. Pesca e Marisqueo	9
	Comisión do Regulamento	0
	Comisión do Estatuto dos Deputados	0
	Comisión de Peticións	0
	Comisión de Control da CRTVG	5
	Comisión para as Relacións co Consello de Contas	1
	Comisión de Asuntos Europeos	2
	Comisión de estudo sobre a seguridade viaria en Galicia	2
	Comisión non permanente para o seguimento das políticas relativas á discapacidade	3
	Comisión non permanente para a igualdade e para os dereitos das mulleres	4

IV Debate de política xeral

Con data 12 de setembro, e dando cumprimento ao artigo 48 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, a Xunta de Galicia remitiu unha comunicación ao Parlamento de Galicia solicitando a comparecencia do Presidente da Xunta para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia⁴.

A Mesa do Parlamento cualificou e admitiu a trámite a devandita solicitude na súa reunión do 16 de setembro de 2014 e publicouse este acordo no BOPG núm. 342, fasc. 1º, de data 17/09/2014. Posteriormente, na reunión da Mesa-Xunta de Portavoces do 30 de setembro acordouse celebrar sesión plenaria para o debate anual de política xeral o martes día 7 de outubro de 2014, para continuar o xoves día 9 de outubro.

Comezou a sesión plenaria coa comparecencia do presidente da Xunta o día 7 de outubro ás 10.00 horas expoñendo a situación política da Comunidade. Logo da intervención do señor presidente da Xunta levantouse a sesión ás 11.47 horas, retomándose ás 16.00 horas coa intervención dos grupos parlamentarios por un tempo asignado a cada un de trinta e cinco minutos segundo acordo da Xunta de Portavoces do día 30 de setembro. Respondeu o presidente da Xunta, logo dunha pequena suspensión da sesión durante trece minutos. Logo desta produciuse a rolda de réplica dos grupos parlamentarios por un tempo de dez

4 Raquel Marañoñ conceptúa o “Debate sobre o estado da rexión” do seguinte modo: “Con paralelismo ao que existe no goberno nacional, o Debate sobre o Estado da Rexión é unha data política central no ámbito da respectiva Comunidade Autónoma. Sitúa ao parlamento autonómico no momento da súa celebración na centralidade da vida política e é unha data agardada que serve non só para facer balance senón tamén para posibles anuncios de interese xeral. Se é unha cita clave para o Presidente do executivo autonómico non o é menos para a oposición que ten unha excelente ocasión para expoñer de maneira anticipada aspectos do seu programa de goberno e contraponer a súa visión política co Presidente do executivo”. Dicionario de Términos de Derecho Parlamentario. Coordinadoras Rosa Ripollés Serrano e Raquel Marañoñ Gómez. Editorial La ley. Madrid, outubro 2014.

minutos cada unha e, por último, a contrarréplica do señor Núñez Feijóo. Suspendeuse a sesión ás nove e cincuenta e dous minutos do serán, non sen antes informar á presidenta sobre o prazo das propostas de resolución subseguintes ao debate, que foi ás 10.30 horas do día seguinte, mércores 8 de outubro, así como da seguinte sesión plenaria o xoves día 9 de outubro ás 11.00 horas.

O mércores 8 de outubro, os grupos parlamentarios foron presentando as propostas de resolución que non podían exceder de 40 por cada un, e que debían referirse a grandes liñas de política xeral, non locais, de enunciación simple e sen dar lugar a votación separada dentro de cada proposta. A Mesa cualificou estas propostas na reunión do mesmo día 8 de outubro ás 12.00 horas e logo disto ordenou a distribución aos grupos parlamentarios de todas as propostas admitidas para o seu coñecemento e estudo. O prazo establecido para a presentación por parte dos grupos das propostas admitidas e petición de agrupación ou votación separada rematou ás 22.30 horas dese mesmo día tamén.

O día 9 de outubro, xoves, reiniciouse a sesión ás 11.00 horas para o debate e votación das propostas de resolución. Os grupos parlamentarios tiveron un tempo de vinte minutos cada un para a presentación e defensa global das súas propostas de resolución, e outros dez minutos cada un para o posicionamento de cada un respecto das propostas dos demais grupos. Por último, procedeuse á votación das propostas de resolución admitidas e á votación das agrupadas para votar separadamente cada grupo parlamentario. Resultaron aprobadas 56 propostas de resolución. Levantouse a sesión ás 14.32 horas.

O contido deste debate está reflectido nos Diarios de Sesións núms. 80 e 81, e as propostas de resolución pódense consultar no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 355, do 13 de outubro de 2014.

V Procedementos de natureza normativa

PROCEDEMENTOS LEXISLATIVOS - IX LEXISLATURA — Segundo período de sesións de 2014 —			
LEIS aprobadas	7	Proposicións de lei de iniciativa lexislativa popular	
		Procedentes da anterior lexislatura	2
Proxectos de lei		Presentadas	1
Presentados	4	Aprobadas	1
Aprobados	4	Rexeitadas	—
Retirados	—	En tramitación	3
En tramitación	2		
		Proposicións de lei ante o Congreso	
Proposicións de lei		Presentadas	3
Presentadas	4	Aprobadas	—
Aprobadas	2	Rexeitadas	3
Rexeitadas	3	En tramitación	2
Retiradas	1		
En tramitación	8		

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

Durante este primeiro período ordinario, presentáronse 4 proxectos de lei⁵

1. Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015.
 2. Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.
 3. Proxecto de lei de calidade dos servizos públicos e da boa administración.
 4. Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.
- Os catro foron aprobados e polo tanto convertidos en lei; son os seguintes:
1. Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia.
 2. Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.
 3. Lei 11/2014, do 19 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015.
 4. Lei 12/2014, do 30 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Atópanse ao remate do período de sesións dous proxectos de lei en trámite:
1. Proxecto de lei de calidade dos servizos públicos e da boa administración.
 2. Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Presentáronse, tamén neste primeiro período, 4 proposicións de lei⁶

1. Proposición de lei, a iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de publicidade institucional de Galicia.
2. Proposición de lei, a iniciativa do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, de publicidade institucional galega.
3. Proposición de lei, a iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, para a introdución do concepto de pobreza enerxética e medidas para a súa erradicación.

5 Codes Calatrava delimita deste xeito os proxectos de lei: “A iniciativa legislativa governamental pode versar sobre calquera materia e é, ademais, desde un punto de vista cuantitativo, a máis importante ao longo da Lexislatura. A inmensa maioría das leis que se aproban en España provén de proxectos de lei. En Dereito Comparado é habitual distinguir igualmente entre as iniciativas legislativas gobernamentais e non gobernamentais, reservándose igualmente unha nomenclatura específica para as iniciativas provenientes do Goberno (bill en Inglaterra, project de loi en Francia ou disegni di legge en Italia)”. Diccionario de Términos de Derecho Parlamentario. Coordinadoras Rosa Ripollés Serrano e Raquel Marañón Gómez. Editorial La ley. Madrid, outubro 2014.

6 O letrado das Cortes Codes Calatrava delimita as iniciativas legislativas deste xeito: “A clasificación máis empregada en Dereito Comparado para distinguir os tipos de iniciativas legislativas é a que distingue entre a iniciativa governamental e a extra-governamental. Esta distinción está estendida e é aceptada ata o punto de que se empregan denominacións distintas para facer referencia ás iniciativas dun ou doutro tipo, xa que as iniciativas legislativas procedentes do Goberno se denominan bill en Inglaterra, project de loi en Francia ou disegni di legge en Italia, mentres que nesos mesmos países, para as iniciativas legislativas procedentes dun órgano alleo ao Goberno, empréganse as denominacións private member bill, proposition de loi ou proposta di legge, respectivamente”. Diccionario de Términos de Derecho Parlamentario. Coordinadoras Rosa Ripollés Serrano e Raquel Marañón Gómez. Editorial La ley. Madrid, outubro 2014.

4. Proposición de lei, a iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, pola que se crea e regula unha prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia de xénero.
- E aprobáronse dúas: a primeira proveniente do anterior período ordinario, e a segunda de principio da actual lexislatura:
 1. Lei 8/2014, do 26 de setembro, de reforma da Lei 1/1993, do 18 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro.
 2. Lei 9/2014, do 30 de outubro, de reforma da lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa lexislativa popular⁷ ante o Parlamento de Galicia.
 - Non se tomaron en consideración as seguintes:
 1. Proposición de lei, a iniciativa do G.P. Alternativa Galega de Esquerda, de modificación da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia.
 2. Proposición de lei, a iniciativa do G.P. Alternativa Galega de Esquerda, de modificación da Lei de ordenación da minería de Galicia, relativa á prohibición do uso de tecnoloxías mineiras a base de cianuro en Galicia e a constitución de garantías suficientes fronte ás indemnizacións por danos.
 3. Proposición de lei, a iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, galega de fomento da corresponsabilidade.
 - E unha proposición de lei foi retirada antes da toma en consideración:
 1. Proposición de lei a iniciativa do G.P. Mixto, de derogación da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
 - Xa que logo, atópanse neste momento en trámite as seguintes:
 1. Proposición de lei, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia, de reforma da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, e o Regulamento⁸ do Parlamento de Galicia.

7 Segundo Codes Calatrava na súa pedagóxica aproximación a estas iniciativas: “A iniciativa lexislativa parlamentaria supón a posibilidade de que sexan as propias Cámaras as que presenten unha proposta de texto lexislativo. No parlamentarismo clásico atribuíase a iniciativa lexislativa aos parlamentarios individualmente considerados, porén, nos Parlamentos contemporáneos, entendidos como órganos representativos nacionais a través dos partidos políticos, o habitual é que a iniciativa lexislativa se outorgue a un conxunto de parlamentarios ou directamente a un Grupo Parlamentario. Nos Estados cun Parlamento bicameral adoita recoñecerse iniciativa lexislativa a ambas as dúas Cámaras, sexa en igualdade de condicións (como en Italia ou Bélxica), ou introducindo determinadas limitacións á iniciativa lexislativa da Cámara Alta (como acontece en Inglaterra). Diccionario de Términos de Derecho Parlamentario. Coordinadoras Rosa Ripollés Serrano e Raquel Marañón Gómez. Editorial La ley. Madrid, outubro 2014.

8 Manuel Delgado-Iribarren García-Campero lembra o sentido histórico dos Regulamentos parlamentarios: “O Regulamento parlamentario é a norma que aproba autonomamente unha Cámara lexislativa co obxecto de regular a súa organización e funcionamento. A súa consideración como máxima expresión da autonomía parlamentaria forxouse desde as orixes do constitucionalismo, se ben se artellou sobre a base de diferentes fundamentos: como o privilexio colectivo fronte ás prerrogativas da Coroa no Dereito inglés; como expresión do poder constituínte defendido por Sieyès e Mirabeau na Revolución Francesa; ou como expresión do principio de separación de poderes na Constitución norteamericana”. Diccionario de Términos de Derecho Parlamentario. Coordinadoras Rosa Ripollés Serrano e Raquel Marañón Gómez. Editorial La ley. Madrid, outubro 2014.



2. Proposición de lei a iniciativa do G.P. Alternativa Galega de Esquerda, de modificación da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa lexislativa popular ante o Parlamento de Galicia.
3. Proposición de lei a iniciativa do G.P. Alternativa Galega de Esquerda, de reforma da Lei de eleccións ao Parlamento de Galicia.
4. Proposición de lei, a iniciativa do G.P. dos Socialistas de Galicia de dereitos e garantías da dignidade dos enfermos terminais.
5. Proposición de lei a iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de publicidade institucional de Galicia.
6. Proposición de lei a iniciativa do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, de publicidade institucional galega.
7. Proposición de lei a iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, para a introdución do concepto de pobreza enerxética e medidas para a súa erradicación.
8. Proposición de lei a iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, pola que se crea e regula unha prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia de xénero.

En canto ás proposicións de lei de iniciativa lexislativa popular, presentouse unha nova:

1. Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular sobre o dereito ao coñecemento e á contemplación da obra de Castelao polo pobo galego.
 - Foi aprobada unha, que iniciou o seu trámite na anterior lexislatura coa denominación de Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para garantir a prestación das especialidades de Hemodinámica, Radioterapia e Medicina Nuclear en igualdade de condicións para toda a cidadanía galega con independencia do seu lugar de residencia en Galicia, e que se aprobou coa denominación que se indica a continuación:
 1. Lei 13/2014, do 22 de decembro, pola que se modifica a lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias
 - Xa que logo, atópanse en trámite as seguintes:
 1. Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular de medidas para restituír os dereitos laborais, profesionais e retributivos do profesorado e mellora da calidade do ensino en Galicia.
 2. Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular, sobre o dereito ao coñecemento e á contemplación da obra de Castelao polo pobo galego.

E, por último, o balance das Proposicións de lei ante o Congreso é o seguinte, presentáronse 3:

1. Proposición de Lei perante o Congreso dos Deputados, pola que se aproba o concerto económico de Galicia.
 2. Proposición de Lei perante o Congreso dos Deputados, de reforma da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, relativa á tributación das pensións públicas percibidas por persoas emigrantes retornadas de Estados cos que existe convenio sobre dobre imposición.
 3. Proposición de Lei perante o Congreso dos Deputados, de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia.
- Non foron tomadas en consideración tres:
1. Proposición de lei perante o Congreso dos Deputados, a iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, relativa á modificación do artigo 82 da Lei orgánica de réxime electoral⁹.
 2. Proposición de lei perante o Congreso dos Deputados, a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, relativa á tributación das pensións públicas percibidas por persoas emigrantes retornadas de Estados cos que existe convenio sobre dobre imposición.
 3. Proposición de lei perante o Congreso dos Deputados, a iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, orgánica de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña.
- Atópanse en trámite as seguintes:
1. Proposición de lei perante o Congreso dos Deputados, a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, pola que se aproba o concerto económico de Galicia.
 2. Proposición de lei perante o congreso dos Deputados, a iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galega, de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia.

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

⁹ Manuel Delgado-Iribarren García-Campero define así a lei electoral: “aquela norma legislativa pola que se rexe un proceso electoral”. Diccionario de Términos de Derecho Parlamentario. Coordinadoras Rosa Ripollés Serrano e Raquel Marañón Gómez. Editorial La ley. Madrid, outubro 2014.

VI Procedementos de control, impulso e información

Procedementos de control e impulso

Durante o segundo período de sesións de 2014 presentáronse 528 proposicións non de lei¹⁰ en pleno; foron rexeitadas 38, aprobadas con modificacións 5, aprobadas sen modificacións 11, e ningunha retirada.

En Comisión presentáronse 578 proposicións non de lei, das que foron rexeitadas 247, aprobadas con modificacións 10 e aprobadas sen modificacións 25, e retiradas 3.

En canto ás mocións, foron presentadas 24, das que se rexeitaron 22, se aprobaron sen modificacións 1.

Procedementos de información

O control dos grupos parlamentarios sobre o Executivo a través das solicitudes de comparencia, interpelacións e preguntas, reflíctese neste período no seguinte cadro:

Solicitudes de comparencia	
En Pleno	
Presentadas	69
Tramitadas	17
Retiradas	0
En Comisión	
Presentadas	41
Tramitadas	11
Retiradas	3

Interpelacións	
Presentadas	274
Tramitadas	24
Retiradas	0

Preguntas	
Orais en Pleno dirixidas aos membros da Xunta	
Presentadas	597
Tramitadas	43
Retiradas	0
Aprazadas	0
Orais en Pleno urxentes	
Presentadas	41
Tramitadas	23
Orais en Pleno dirixidas ao Presidente da Xunta	
Presentadas	25
Tramitadas	25
Aprazadas	
Retiradas	
Orais en Comisión	
Presentadas	972
Tramitadas	252
Aprazadas	22
Retiradas	5
Con resposta escrita	
Presentadas	615
Tramitadas	1.256
Retiradas	0

10 Rosa Ripollés conceptúaaas así: "As Proposicións non de lei, comunmente coñecidas no Congreso dos Deputados polo acrónimo "PNLs" son actos parlamentarios que participan da dobre condición de instrumentos de control e impulso político e, a este fin, o seu obxectivo radica en conseguir unha resolución dun órgano parlamentario —sexa o Pleno ou unha Comisión da Cámara—, isto é o posicionamento parlamentario respecto dunha proposta concreta. Algún autor como Fernández Fontecha e Torres sostén que vinculan ao Goberno no ámbito das súas competencias; se ben a carencia de sanción no ordenamento parlamentario por incumprimento da Resolución diminúe a eficacia xurídica deste instituto, que queda circunscrito á eficacia política". Dicionario de Términos de Derecho Parlamentario. Coordinadoras Rosa Ripollés Serrano e Raquel Marañón Gómez. Editorial La ley. Madrid, outubro 2014.

VII Declaracións institucionais¹¹

Como xa apuntamos en anteriores crónicas, as declaracións institucionais son acordos non previstos no Regulamento do Parlamento de Galicia pero que se adoptan por unanimidade de todos os grupos políticos. Neste período aprobáronse as seguintes:

- Declaración institucional sobre o recoñecemento do Estado de Palestina. Pleno día 25/11/2014, DS núm. 87, BOPG núm. 382, 28/11/2014.
- Declaración institucional sobre a arte de pesca ao xeito. Pleno día 25/11/2014. DS núm. 87 e no BOPG núm. 382, 28/11/2014.

VIII Procedementos de control económico e orzamentario

Dentro desta clase de procedementos podemos citar:

Conta xeral

- Conta xeral da Administración da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio 2013. BOPG núm. 369, fasc. 1º, 06/11/2014.

Informes de fiscalización

- Informes de fiscalización correspondentes ao Plan de Traballo do ano 2013 (exercicio económico de 2013). BOPG núm. 372, fasc. 2º, 12/12/2014.

Informes sobre o estado de execución do orzamento¹²

- Estado de execución orzamentaria do segundo trimestre 2014. BOPG núm. 349, fasc. 1º, 01/10/2014.

11 Esteban Greciet defínese desta guisa: “Trátase dun texto sen valor normativo, similar a unha proposición non de lei, unha moción ou unha resolución, que expresa a opinión unánime dunha Cámara parlamentaria sobre un determinado asunto de relevancia política. A particularidade das declaracións institucionais reside en que, normalmente, non suscitan debate político ningún e son aprobadas por unanimidade da Cámara, precisamente por reflectir a opinión e o sentir común dos parlamentarios e a coincidencia das súas posicións e das dos Grupos aos que pertencen sobre un tema de gravidade política ou que é percibido por todos como de grande importancia. As condenas dos atentados terroristas, os pronunciamentos sobre asuntos internacionais relacionados cos dereitos humanos ou co medio ambiente, as efemérides institucionais máis sobresalientes, as conmemoracións de días contra as máis variadas formas de violencia e/ou discriminación e cuestións afíns ou análogas a estas adoitan ser o obxecto destas declaracións”. Diccionario de Términos de Derecho Parlamentario. Coordinadoras Rosa Ripollés Serrano e Raquel Marañón Gómez. Editorial La ley, Madrid, outubro 2014.

12 O letrado das Cortes de Aragón José Tudela Aranda lembra que: “É lugar común entender que a función orzamentaria ou financeira é cronoloxicamente a primeira das funcións parlamentarias. Na súa acepción máis estrita é a función relativa á determinación dos gastos e ingresos do Estado. Precisamente, a orixe do Parlamento atoparíase intimamente vinculada á necesidade de controlar eses ingresos e gastos. A Constitución respondería a este vello principio, primeiro establecendo no artigo 66.2 que corresponde ás Cortes Xerais aprobar os Orzamentos Xerais do Estado e reiterando posteriormente esta afirmación cando no artigo 134.1 distingue entre aquilo que en relación cos Orzamentos correspondería ás Cortes Xerais, en concreto o seu exame, emenda e aprobación e aquilo que correspondería ao Goberno, a súa elaboración. Inmediatamente, haberá que sinalar que de entre todas as funcións parlamentarias é seguramente á orzamentaria á que con maior plenitude acada a lucidez de Manzella, ao predicar un relativismo procedemental que provoque que, máis alá das expresións formais, se atenda ao obxecto para determinar que fai un Parlamento”. Diccionario de Términos de Derecho Parlamentario. Coordinadoras Rosa Ripollés Serrano e Raquel Marañón Gómez. Editorial La ley, Madrid, outubro 2014.

- Estado de execución orzamentaria do primeiro trimestre 2014. BOPG núm. 307, 25/06/2014.

Modificacións orzamentarias

- Modificacións do mes de xuño de 2014. BOPG núm. 317, fasc. 2º, 16/07/2014.
- Modificacións do mes de xullo de 2014. BOPG núm. 335, fasc. 2º, 05/09/2014.
- Modificacións do mes de agosto de 2014. BOPG núm. 346, fasc. 1º, 24/09/2014.
- Modificacións do mes de setembro de 2014. BOPG núm. 361, fasc. 3º, 24/10/2014.
- Modificacións do mes de outubro de 2014. BOPG núm. 376, fasc. 2º, 20/11/2014.
- Modificacións do mes de novembro de 2014. BOPG núm. 392, fasc. 1º, 17/12/2014.

Información sobre a situación das operacións de crédito e préstamos vixentes do IGAPE

- Información sobre concesión de préstamos do IGAPE no 2º trimestre do ano 2014. BOPG núm. 335, fasc. 2º, 05/09/2014.
- Información sobre os avais do IGAPE no 2º trimestre do ano 2014. BOPG núm. 335, fasc. 2º, 05/09/2014.
- Información sobre os avais do IGAPE no 3º trimestre do ano 2014. BOPG núm. 389, fasc. 1º, 11/12/2014.
- Información sobre concesión de préstamos do IGAPE no 3º trimestre do ano 2014. BOPG núm. 389, fasc. 1º, 11/12/2014.

Informes sobre a disposición do fondo de continxencia

- Informe sobre a disposición do fondo de continxencia correspondente ao 3º trimestre de 2014. Publicación BOPG núm. 365, fasc. 1º, 30/10/2014.

Plan económico-financieiro específico vixente

- Plan económico financieiro específico vixente de consellerías, organismos autónomos e sociedades públicas a 30 de xuño de 2014. BOPG núm. 325, 12/08/2014.

Fixación do límite máximo de gasto non financieiro do orzamento da Comunidade Autónoma de Galicia

- Fixación do límite máximo de gasto non financieiro do orzamento da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015. BOPG núm. 323, 08/08/2014. Debate en Pleno 04/08/2014 - DS núm. 75. BOPG núm. 323, 08/08/2014.

IX Procedementos relativos a outras institucións e órganos

Consello de Contas

- Memoria correspondente ao Plan de Traballo do ano 2013. BOPG núm. 372, fasc. 2º, 12/11/2014.

Unión Europea¹³

- Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade na Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican as Directivas 2008/98/CE sobre os residuos, 94/62/CE relativa aos envases e residuos de envases, 1999/31/CE relativa ás verteduras de residuos, 2000/53/CE relativa aos vehículos ao final da súa vida útil, 2006/31/CE relativa ás pilas e acumuladores e aos residuos de pilas e acumuladores e 2013/19/UE sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (Texto pertinente para efectos de EEE) [COM(2014) 397 final] [2014/0201 (COD)] {SWD(2014) 207 final} {SWD(2014) 208 final} {SWD(2014) 2 09 final} {SWD(2014) 210 final}.

Dación en contra pola Presidencia - Mesa do Parlamento 01/08/2014

Toma coñecemento e peche do expediente - Mesa do Parlamento 26/08/2014

- Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade na Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 184/2005, relativo ás estatísticas comunitarias sobre balanza de pagos, comercio internacional de servizos e investimentos estranxeiros directos, polo que se refire á atribución á Comisión de Competencias Delegadas e de Execución para adoptar determinadas medidas (Texto pertinente para efectos de EEE) [COM(2014) 379 final] [2014/0194 (COD)].

Dación en contra pola Presidencia - Mesa do Parlamento 01/08/2014

Toma coñecemento e peche do expediente - Mesa do Parlamento 26/09/2014

- Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade na Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se facilita o intercambio transfronteiriño de información sobre infraccións de tráfico en materia de seguridade viaria (texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2014)476FINAL] [2014/0218(COD)].

Publicación - BOPG núm. 329, 26/08/2014

Toma coñecemento e peche do expediente - Mesa do 16/09/2014

- Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade na Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello relativo á fabricación, á comercialización e ao uso de pensos medicamentosos e polo que se derroga a Directiva 90/167/CEE do

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

¹³ Sobre a natureza destes procedementos pode consultarse o noso libro *Manual Parlamentario. Guía para os deputados e deputadas do Parlamento de Galicia*. Parlamento de Galicia. 2011.

Consello (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2014) 556 final] [2014/0255 (COD)] [COM(2014) 556 final Anexos].

Publicación - BOPG núm. 342, 17/09-2014

Toma coñecemento e peche do expediente - Mesa do 30/09/2014

- Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade na Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello sobre requisitos relativos a límites de emisións e homologacións de tipo para motores de combustión interna que se instalen en máquinas móbiles non de estrada (texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2014) 581 final] [2014/0268 (COD)] {SWD(2014) 281 final} {SWD(2014) 282 final} [COM(2014) 581 final].

Publicación - BOPG núm. 349, fasc. 2º, 01/10/2014

Toma coñecemento e peche do expediente - Mesa do 14/10/2014

- Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade na Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello sobre a creación dunha axencia da Unión Europea para a formación en funcións coercitivas (CEPOL) e polo que se derroga e substitúe a Decisión 2005/681/JAI do Consello (texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2014) 465 final/2] [2014/0217 (COD)].

Publicación - BOPG núm. 350, fasc. 2º, 02/10/2014

Toma coñecemento e peche do expediente - Mesa do 14/10/2014

- Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade na Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello que modifica o Regulamento (CE) nº 726/2004, polo que se establecen procedementos comunitarios para a autorización e control dos medicamentos de uso humano e veterinario e polo que se crea a Axencia Europea (texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2014) 557 final] [2014/0256 (COD)].

Publicación - BOPG núm. 350, fasc. 2º, 02/10/2014

Toma coñecemento e peche do expediente - Mesa do 14/10/2014

- Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade na Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre os medicamentos veterinarios (texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2014) 558 final] [2014/0257 (COD)] {SWD(2014) 273 final} {SWD(2014)274 final} [COM(2014) 558 final/2 Anexos].

Publicación - BOPG núm. 351, 06/10/2014

Toma coñecemento e peche do expediente - Mesa do 14/10/2014

- Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade na Proposta do Consello relativa ao réxime do imposto do "arbitrio insular" nas rexións ultraperiféricas francesas [COM(2014) 666 final] [2014/0308 (CNS)] [COM(2014) 666 final/2 Anexo].

Publicación - BOPG núm. 367, fasc. 1º, 04/11/2014

Toma coñecemento e peche do expediente - Mesa do 18/11/2014

- Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade na Proposta do regulamento do Parlamento Europeo e do Consello pola que se derrogan determinados actos no espazo de liberdade, seguridade e xustiza [COM(2014) 713 final] [2014/0337 (COD)].

Publicación - BOPG núm. 387, 05/12/2014

Toma coñecemento e peche do expediente - Mesa do 16-12-14

- Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade na Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se derrogan determinados actos no ámbito da cooperación policial e xudicial en materia penal [COM(2014) 715 final] [2014/0339 (COD)].

Toma coñecemento e peche do expediente - Mesa do 16/12/2014

- Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade na Proposta de decisión do Parlamento Europeo e do Consello pola que se derrogan determinados actos no ámbito da cooperación policial e xudicial en materia penal [COM(2013) 714 final] [2014/338 (COD)].

Publicación - BOPG núm. 387, 05/12/2014

Toma coñecemento e peche do expediente - Mesa do 16/12/2014

- Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade na Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre os índices de prezos de consumo harmonizados e polo que se derroga o Regulamento(CE) nº 2494/1995 (Texto pertinente a efectos do EEE) [COM(2014) 724 final] [2014/0346 (COD)] [COM(2014) 724 final Anexo].

Publicación - BOPG núm. 392, fasc. 2º, 17/12/2014

Comité das Rexións

- Consulta á Rede de seguimento da subsidiariedade sobre a aplicación do principio de subsidiariedade na Proposta da directiva do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican as directivas 2008/98/CE sobre os residuos, 94/62/CE relativa aos envases e residuos de envases, 1999/31/CE relativa á vertedura de residuos, 2000/53/CE relativa aos vehículos ao final da súa vida útil, 2006/31/CE relativa ás pilas e acumuladores e aos residuos de pilas e acumuladores e 2013/19/UE sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos [COM(2014) 397 final].

Publicación - BOPG núm. 320, 30/7/2014

Coñecemento da Resolución da Presidencia - Mesa 01/08/2014

Peche do expediente - Mesa 26/08/2014

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS

X Procedementos de designación e propostas de nomeamento

Representantes do Padroado da Fundación Galega Obra Social

- Designación de catro membros do Padroado da Fundación Galicia Obra Social.
- Comunicación de vacantes - Rexistro de entrada núm. 24752, 03/07/2014
- Coñecemento e traslado aos portavoces - Mesa 09/07/2014
- Solicitud de inicio do procedemento de designación, a iniciativa do GG.PP. Popular de Galicia, dos Socialistas de Galicia e de Alternativa Galega de Esquerda - Rexistro de entrada núm. 25486, 31/07/2014
- Acordo de inicio do procedemento - Mesa 01/08/2014
- Coñecemento dos candidatos designados polos grupos - Mesa 04/08/2014

XI Solicitud de creación de comisións de investigación¹⁴

- Solicitud de creación dunha Comisión de investigación, a iniciativa dos GG.PP. Alternativa Galega de Esquerda e do Bloque Nacionalista Galego, sobre as causas do accidente ferroviario de Santiago o pasado 24 de xullo, así como sobre as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade en Galicia.
- Solicitud de creación dunha Comisión de Investigación, a iniciativa dos GG.PP. do Bloque Nacionalista Galego e Alternativa Galega de Esquerda, sobre a presunta fraude ou estafa de subvencións e malversación de fondos públicos na organización de cursos de formación sufragados pola Xunta de Galicia.

XII Acordos interpretativos do Regulamento do Parlamento

Normas reguladoras do procedemento para a aprobación dos mandatos marco referidos aos obxectivos xerais da función de servizo público que debe cumprir a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación RTVG) ao abeiro do establecido na Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia¹⁵. BOPG núm. 376, fasc. 1º, 20/11/2014.

14 O letrado das Cortes de Aragón José Tudela Aranda lembra que: "Historicamente, a enquisa parlamentaria é unha expresión da función de control. A enquisa refírese á capacidade da institución parlamentaria para requirir información sobre unha materia ou, dando un paso máis, investigar ata formarse unha opinión e extraer unhas conclusións sobre un determinado asunto. Na actualidade, identifícase coa Comisión de investigación, agás en Alemaña, onde se distingue entre ambas as, dúas existindo comisións de investigacións e comisións de enquisa. No Regulamento do Bundestag, a diferenza é que estas segundas teñen un carácter basicamente informativo. Tamén é posible entender que a enquisa é unha manifestación superior do control que abrangue tanto a investigación, como o estudo e información. No vixente Dereito parlamentario, o termo enquisa está desaparecendo. Neste sentido, é posible ver unha reminiscencia histórica na súa utilización". ". Diccionario de Términos de Derecho Parlamentario. Coordinadoras Rosa Ripollés Serrano e Raquel Marañón Gómez. Editorial La ley. Madrid, outubro 2014.

15 De interese para esta cuestión é o noso traballo: "Una aproximación a los medios de comunicación desde la perspectiva autonómica: su dimensión jurídico-constitucional". Parlamento y comunicación (nuevos retos). XI Jornadas de la Asociación Española de Letrados de Parlamentos. Tecnos. Madrid. 2005. Páxinas 189 a 203.

XIII Informes e comparencias en cumprimento doutras normas

- Informe de seguimento do Programa estatístico anual 2013.
 Presentación do informe - BOPG núm. 330, 27/08/2014
- Memoria da Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2013.
 Presentación da Memoria - BOPG núm. 393, 18/12/2014
 Comparencia - Comisión 1ª, 30/12/2014
- Informe anual sobre racionalización do gasto na prestación farmacéutica da Comunidade autónoma de Galicia.
 Presentación do informe - Rexistro de entrada núm. 29728, 04/11/2014
 Toma coñecemento e traslado aos portavoces dos grupos - Mesa 10/11/2014

XIV Solicitudes de información ao abeiro do artigo 9 do Regulamento (1 de xullo ao 31 de decembro de 2014)

Grupos parlamentarios	Presentadas	En tramitación	Contestadas
G. P. Popular de Galicia	5	4	1
G. P. dos Socialistas de Galicia	341	282	59
G. P. da Alternativa Galega de Esquerda	29	23	6
G. P. do Bloque Nacionalista Galego	21	13	8
G. P. Mixto	0	0	0
Totais	396	322	74

regap



COMENTARIOS E CRÓNICAS